

AMOR E VANGARDA. O AMOR TOLO DE ANDRÉ BRETON

Por Olga Novo

1. As musas ideais

A UNIÓN LIBRE

A miña muller de cabeleira de chamas de leña
De pensamentos de lóstregos de calor
De van de reloxo de area
A miña muller de van de lontra entre os dentes do tigre
A miña muller de boca de escarapela e de ramo de estrelas de
derradeira magnitude
De dentes de pegadas de rata branca sobre a terra branca
De lingua de ámbar e de cristal luídos
A miña muller de lingua de hostia acoitelada
De lingua de boneca que abre e pecha os ollos
De lingua de pedra increíble
A miña muller de pestanas de palotes de escritura de neno
De cellas de bordo de niño de andoriña
A miña muller de tempas de lousa de teito de invernadoiro
E de bafo de cristais
A miña muller de ombreiros de champaña
E de fonte con cabezas de golfiños baixo o xeo
A miña muller de bonecas de mistos
A miña muller de dedos de azar e de as de corazóns
De dedos de herba cortada
A miña muller de axilas de marta e de aciñeiras
De noite de San Xoán
De fiafeira e de niño de escalarias
De brazos de espuma de mar e de esclusa

E de mestura de trigo e de muíño
A miña muller de pernas de bobina
De movementos de relojería e de desesperación
A miña muller de canelas de miolo de sabugueiro
A miña muller de pés de iniciais
De pés de presadas de chaves de pés de calafates que beben
A miña muller de pescozo de cebada imperlada
A miña muller de gorxa de Val de ouro
De cita no leite mesmo do torrente
De seos de noite
A miña muller de seos de pineira mariña
A miña muller de seos de crisol de rubís
De seos de espectro da rosa baixo o resío
A miña muller de ventre de apertura de abano dos días
De ventre de pouta xigante
A miña muller de lombo de paxaro que foxe vertical
De lombo de mercurio
De lombo de luz
De noca de pedra rodada e de creta mollada
E de caída dun vaso no que se vén de beber
A miña muller de cadeiras de dorna
De cadeiras de lucerna e plumas de frecha
E de talos de pluma de pavo real branco
De balanza insensible
A miña muller de coxas de greda e de amianto
A miña muller de coxas de lombo de cisne
A miña muller de coxas de primavera
De sexo de gladiolo
A miña muller de sexo de pracer e de ornotorrinco
A miña muller de sexo de argazo e de bombóns antigos
A miña muller de sexo de espello
A miña muller de ollos cheos de bágoas
De ollos de panoplia violeta e de agulla imantada
A miña muller de ollos de chaira

A miña muller de ollos de auga para beber no cárcere
A miña muller de ollos de leña sempre baixo o machado
De ollos de nivel de auga de nivel de ar de terra e de
lume

O poema “Unión Libre” foi escrito por André Breton en 1931. Tiña trinta e cinco anos. Atrás quedara o seu matrimonio con Simon Kahn. E a súa turbulenta relación con Suzanne Muzard, a muller que parece inspirar o poema, estaba tamén a piques de rematar definitivamente. Pero esa muller da Unión Libre bretoniana é tódalas mulleres que amou, mulleres que o fascinaron desde o seu núcleo de luz, amadas durante anos, meses, vistas un minuto pola rúa, atopadas por azar ou soñadas desde a infancia.

André Breton nacera o 19 de febreiro de 1896 en Tinchebray, no departamento do Orne. Ós catro anos, a familia trasládase a Pantin, preto de París e os ollos do neno André asisten á entrada dun século que había estar precisamente marcado pola súa ollada.

Ós dezasete anos, xa con Baudelaire e Mallarmé no corazón, Breton manifesta o seu espírito antimilitarista asistindo á unha grande manifestación organizada pola esquerda e moitos anos despois lembrará a súa emoción naquel intre ó ver as bandeiras vermellas ondeando e sobre todo, entre elas, as bandeiras negras do anarquismo. “Nin Deus nin Dono”, esta premisa que el vira gravada nunha tumba sendo neno ficará para sempre a carón da mensaxe libertaria das bandeiras negras, da busca incansable da liberdade e da independencia fronte ós poderes.

Non se é serio ós dezasete anos, dixeran Rimbaud. Breton, a esa idade descobre tamén a beleza, o erotismo, a idea do amor revelada polas mulleres do simbolismo nos cadros de Gustav Moreau. A casa-museo do pintor, moi preto do colexio no que estudaba Breton, había ser visitada en numerosas ocasións polo poeta, atraído e fascinado pola beleza ideal, suntuosa e núa das Salomé e Dalilas de luxuria desbordante, por aquelas fadas abandonadas á sensualidade (Alexandrian: 222). Breton diría moitos anos despois que a experiencia estética e erótica da contemplación destas musas ideais

condicionaría para sempre o seu xeito de amar (Behar: 28). A fascinación polo mito da muller fatal tan querido para a arte finisecular e a voluptuosidade simbolista da pintura de Gustav Moreau deixarase ver nos poemas do seu primeiro libro *Mont de piété*, de 1919.

2. A porta pasional para reinventar a Vida

Moi pronto, sen embargo, as súas concepcións estéticas, e polo tanto amorosas, sufrirán unha transformación profundísima co estoupido do movemento Dadá en París en 1920 e o posterior descubrimento da escritura automática. Por unha banda, o pulo corrosivo, irreverente e destrutivo do dadaísmo reforzará a radical rebeldía de Breton, en loita permanente contra a relixión, a familia e a patria.

Pero será entre 1922 e 1924, no período que prepara o xurdimento do movemento surrealista, cando Breton e os seus amigos –Soupault, Aragon, Éluard, Vitrac, Man Ray, Max Ernst, Peret...– descubran no amor “a promesa de algo marabilloso” (Alexandrian: 229), a porta pasional incandescente que xunto coa Liberdade e a Poesía, constituirá a base do Anticredo revolucionario surrealista.

O espírito iconoclasta herdado das experiencias de vangarda dadá e a negación rotunda dos piares dunha sociedade burguesa que conducira ó mundo ós desastres da Guerra, levarán ós surrealistas, con Breton á cabeza, á busca dun Soño Absoluto que quizais non teña fin.

Ademais, o coñecemento das teorías freudianas e a experimentación da escritura automática conduciraos á práctica do Ensoño e ó recoñecemento dunha Realidade Múltiple e oculta no psiquismo humano onde se fraguan os Desexos na súa forxa libérrima desde o principio dos tempos. Así xorde a escrita sensual e onírica de *Poisson soluble*. Na súa mente despregada agora coma un Xardín das delicias onde todo é (im)posible, ondean dúas consignas: “Transformar o mundo”, como desexaba Marx e “Reinventar a Vida”, como quería Rimbaud. Para o Surrealismo ámbalas dúas consignas fúndense nunha soa no camiño que conduce á Revolución. Cara aí están orientadas a súa Ética e a súa Estética.

A partir de 1924, coa publicación do primeiro manifesto, a actividade dos surrealistas establecerase entorno a unha serie de premisas básicas: a escritura automática e a práctica do ensoño como medios de liberación do ser; o humor obxectivo –chamado humor negro anos despois– como arma; a busca do marabilloso, como un pracer intelectual; o Amor–Desexo como núcleo de orientación vital; a Revolución, como necesidade de acción para transformar o mundo, e a Poesía, como medio de coñecemento no que se funden tódalas anteriores premisas, porque non hai Poesía sen Liberdade e Amor, como non hai Liberdade que non sexa amorosa e poética, nin Amor que non conteña a Poesía Profunda e a Liberdade Total.

4. O azar dos encontros marabillosos

Estamos pois, xa situados na antesala do *Amour fou*, o amor tolo que non pode concibirse no seo doutro Soño que non sexa a Des– Orde desprovista de Lei que é a Surrealidade. O termo dá conta dunha realidade abranguedora e integral que anula as barreiras entre o desexo e a praxe, entre o privado e o público, entre o soño e a vixilia. Toda a obra de Breton lanza esta mensaxe de Lume imprescindible, como veremos.

A denominación de “Amor tolo” fai referencia, por suposto, á obra capital de André Breton sobre o amor, escrita entre 1933 e 1936, inspirada pola súa segunda muller, a pintora Jacqueline Lamba, que sería nai da única filla de André Breton, Aube.

Este libro, mestura de crónica, ensaio e poema en prosa (Malpartida: 9), manifesto de amor carnal, leva ó nivel literario o encontro erótico na negación da xerarquía dos xéneros. A obra, concibida coma un persoal regalo de amor, constituirá, na edición especial para Jacqueline Lamba, un obxecto artístico do que emana a premisa: “Antes a Vida”, na que é posible a fusión de tódalas escritas e de tódolos seres, con Eros presente.

Este nomadismo interxenérico compásase ás experiencias de vagabundeo relatadas nesta e noutras obras de André Breton. No *Amor tolo* vemos ó autor vagabundear polas rúas, entrar nos cafés, pasear polo *marché aux puces*, etc. Así como na escritura automática, o vagabundeo da mente nos leva ós achados marabillosos do irracional, o paseo irracional polas rúas de

París, leva ó poeta a outro tipo de encontros, decisivos e fulgurantes, que revisten a aparencia dun Azar Necesario. Así, para o surrealismo, o encontro fortuíto dos seres pertence á Poesía Involuntaria da Vida que se nos manifesta e revela de súpeto. Así sucedeu con Jacqueline Lamba.

Breton relata en *L'amour fou* o encontro azaroso coa que logo había de ser a súa muller e mailos sorprendentes indicios que precederon a súa chegada. O 29 de maio de 1934 Breton atópase nun café cuns amigos, cando ve chegar a unha muller loira, escandalosamente bela, como el dirá, que xa vira dous ou tres días antes naquel mesmo lugar. Ela, coma noutras ocasións, pide papel e comeza a escribir. Nese intre, o poeta vese asaltado pola idea de que tal vez esa muller lle escribe a el. Decidido a abordala, ela cítalo para a media noite, facéndolle saber que efectivamente era a el a quen dirixía aquela carta esa tarde. O longo paseo nocturno por París de Breton e Jacqueline, fora sen embargo xa poetizado por Breton once anos antes. En 1923, o poema automático titulado *Tournesol*, incluído en *Clair de Terre*, avanza e augura cunha absoluta precisión premonitoria o encontro amoroso entre o poeta e a nadadora.

XIRASOL

A viaxeira que atravesou Les Halles á caída do verán
Camiñaba de puntillas
A desesperación enroscaba no ceo os seus grandes e fermosos aros
E na bolsa de man estaba o meu soño ese frasco de sales
Que só aspirou a madriña de Deus
(...)
tiña eu cita coa embaixadora do salitre
Ou coa curva branca sobre fondo negro que chamamos pensamento
O baile dos inocentes estaba na súa salsa
Os faroliños acendíanse lentamente entre os castiros
A dama sen sombra axeonllouse no Pont-au-Change
Rúa Gît-le-Coeur os timbres xa non eran os mesmos
Finalmente cumpríronse as promesas da noite

As pombas mensaxeiras os bicos de auxilio
Reuníanse nos peitos da bela descoñecida
Asaeteados baixo o crespón das significacións perfectas
Unha granxa prosperaba en pleno París
E as súas fiestras daban á vía láctea
(...)
algúns como esta muller parecera que nadan
e un pouco da súa substancia penetra no amor
ela interiorízaos
non son o xoguete de ningunha potencia sensorial
e sen embargo o grilo que cantaba nos cabelos de cinsa
unha tarde preto da estatua de Étienne Marcel
lanzoume unha ollada de intelixencia
André Breton díxome pasa

O insólito, di Breton, é inseparable do amor. Na revista *Minotaure*, o grupo surrealista publica os resultados dunha enquisa na que se formulaban, entre outras, as seguintes cuestións:

Pode vostede dicir cal foi o encontro capital da súa vida? Ata que punto este encontro lle deu, lle dá a impresión de ser fortuíto ou necesario?

Breton sitúa dese xeito, a reflexión sobre o azar nun lugar central da súa poética para chegar a afirmar que ese cúmulo de circunstancias que presiden os encontros azarosos poñen en evidencia os lazos de dependencia da natureza e o ser humano, lazos sutís, fugaces, di el, “inquietantes no estado actual do coñecemento pero que fan xurdir en ocasións vivos resplandores”. Baixo este intenso resplandor hegeliano do azar obxectivo que une necesariamente ós seres brilla con luz permanente o Desexo e a Apertura ante o descoñecido.

A obra na que Breton trata máis pormenorizadamente a experiencia do encontro azaroso é *Nadja*. Neste libro o autor relata o encontro fortuíto cunha muller, Leona D., nas rúas de París en 1926, unha muller coa que manterá unha colaboración artística durante meses e unha particular relación amorosa

que terá para ela consecuencias desastrosas. Nadja, nome co que ela mesma se bautiza, por ser o comezo da palabra esperanza en ruso, semella ter capacidades mediúmnicas mais tamén unha forte tendencia ó desequilibrio psíquico, probablemente derivado das durísimas condicións da súa existencia, que Breton tentaría aliviar, por outra parte. O poeta refírese a esta aparición como un “don da rúa”, pois é na rúa onde se atopan e onde transcorre a existencia deste ser extraviado, imprevisto coma o xenio espontáneo que se revela de súpeto. Pois non sabemos o que sexa o Amor, podemos agardar que sexa puro acontecemento continuo.

O marabilloso do encontro azaroso radica, para Breton, no feito de que tal encontro poida vir a trastornar os nosos hábitos, as nosas crenzas, empurrarnos a andar con pasos libres, fóra dos camiños trazados pola razón e as conveniencias. Breton fainos sentir así que o amor exalta o comportamento lírico, e igual que acontece coa poesía, supón, para quen se entrega a el a “entrada en trance”, pois só a través do amor a outra persoa se chega á Poesía vivida. Toda a obra de Breton responde a unha unión inseparable de experiencia vital e experiencia poética, ambas son indisolubles. Só desde esta disposición de entrega aberta ós desexos máis profundos e ás aparicións máis inesperadas é posible o encontro da Marabilla no coñecemento, na Poesía ou no Amor.

5. Amor tolo contra todo

En contra de todo cativerio, a proposta revolucionaria bretoniana, sinala, a pesar das inevitables contradicións, o viero dos amores libres ante a sociedade burguesa dos anos vinte. A súa crítica radical ó matrimonio burgués e á familia, vai parella á necesaria reforma dos costumes que posibiliten a libre elección do amor, non condicionado polas convencións sociais, sempre opresoras e antieróticas por natureza. Non en van o poeta sinala *La edad de oro* de Buñuel como mostra máxima da exaltación do amor absoluto ante un mundo contrario á expansión de Afrodita. Así, o comportamento amoroso dos e das surrealistas alónxase en moitos casos dos patróns sociais establecidos. Breton dirá ó nacer a súa filla: “Ante todo, que a terra se trague a idea de familia!”. Os escritos de Breton soñan coa desmesura sadiana e a atracción

apasionada do utopista Fourier, a quen o poeta dedicará xa na madurez unha longa oda e de quen reivindica a visión do erotismo subversivo que conduce á harmonía universal. Pois o utopista sabía que “o culto da harmonía deberá dar , xa nesta vida, o que as relixións civilizadas prometen para a outra”. Así, Fourier ó predicar a dúbida absoluta fronte a tódalas ideas recibidas, ensínanos a confiar no corpo e nos seus impulsos; ó exaltar a desviación, tamén absoluta de tódalas morais, amósanos que o camiño máis curto entre dous seres é a atracción apaixonada.

A rebelión surreal atacará pois as bases sociais contrarias á libre elección erótica ó tempo que dinamita as sombras xudeocristiás do pecado que planean sobre o amor, incidindo neste gravísimo “erro moral” (Breton 2000: 104) para nos impeler á entrega apaixonada desprovista de todo tabú. Así, este amor, no cal o desexo levado ó extremo, di Breton, só parece impelido a dilatarse para explorar con luz de faro as claridades sempre renovadas da vida. Ningunha depresión, di el, segue ó goce (Breton 2000: 105).

Esta visión celebratoria e afirmativa do amor vai parella a unha actitude de celebración da materia, pois este amor bretoniano é ante todo un Amor Carnal, un amor fundado no desexo sexual, único resorte do mundo, di el, único rigor que o ser humano deba coñecer (Breton 2000: 101). A expansión erótica ten moito que ver aquí co achado do elemento irracional freudiano, pois tamén as palabras no exercicio da escritura automática serán liberadas para facer o amor, na pulsión máis profunda sen preconceptos estéticos, morais ou lóxicos.

Neste senso, a linguaxe está para Breton, orixinalmente ligada á sexualidade. Tanto a escritura automática como a pintura surrealista son linguaxes do amor e da poesía, terreos da manifestación libre do desexo, e como tales son prácticas negadoras do social. Probar que o ollo existe en estado salvaxe, que a pintura é reconquistada pola percepción primitiva é tamén obrar por Amor tolo, nunha nova visión liberada, nunha nova actitude perceptiva. Isto trae consigo unha total apertura cara ó anticánónico, cara ó inusual que aparece, sorprende e irradia unha beleza distinta. O poeta, desasistido así do seu propio eu, aberto, entregado e receptivo a tódalas posibilidades, descobre a alteridade esencial do desexo e do amor.

Na revelación do logos primordial non se distinguen Amor, Experiencia, Esperanza e Beleza. Eros resplandece así no surrealismo como primordial divisa antiautoritaria.

Para o grande estudoso do Surrealismo, Sarane Alexandrian, ese é o principio fundamental da ética surrealista (Alexandrian 1980: 237). Xa na época de Dadá, Breton definíase como un home “que non ten máis desafío que lanzar ó mundo o desexo”. Mais a relación entre o desexo e o amor non será considerada como obxecto de coñecemento máis que a partir das “Investigacións sobre a sexualidade” que tiveron lugar a finais de xaneiro de 1928. Nestas sesións de debate, cada membro do grupo expuxo as súas opinións particulares sobre moi diferentes cuestións relativas á sexualidade, ó amor, ó erotismo, á obscenidade, etc. As respostas dadas por Breton inciden fundamentalmente no desexo de chegar o máis lonxe posible polo camiño da poesía vivida, unha concepción antixerárquica dos praceres e un rexeitamento rotundo da prostitución.

6. O amor–desexo: enerxía e revelación.

Sobre este Amor–Desexo preconizado polo surrealismo apóianse as grandes esperanzas de reinvencción da Vida, pois o desexo concíbese como unha enerxía sexual transformadora, guía e revelación. En 1929, o grupo publica en *La revolution surréaliste* as respostas á “Enquisa sobre o amor”. Esta iniciábase cun texto introdutorio que sinala a idea do amor como a única capaz de reconciliar a todo home, momentaneamente ou non, coa idea de vida. O surrealismo tenta así restituír á palabra amor o seu orixinal senso estrito e ameazador, aquel dun vencello total co ser humano, fundad no recoñecemento imperioso da verdade.

O amor devén así a grande ponte tendida sobre a Vida, como desexaba Breton, victorioso como quería Suzanne Muzard, e total, como desexara Nadja. E o pracer dos sentidos é, neste contexto, o camiño para un coñecemento profundo do Outro e para unha conciliación do universo interior e exterior.

Os trazos deste amor son pois: pasionais, irruptivos, intensos, imprevistos pero agardados e insólitos no encontro e na revelación do Amor único. En efecto, Breton comeza a escribir *L’amour fou* coa intención de

conciliar teoricamente as contradicións que se opoñen á expansión do amor único nesa busca do Ti absoluto. Esa concepción do amor recíproco, realizable fronte a tódalas barreiras da sociedade e da moralidade escurantista, foi defendida por Breton desde a súa xuventude enerxica e desesperadamente, como el mesmo dixo. No primeiro capítulo de *L'amour fou*, Breton representa os seus amores e a el mesmo desdoblados nunha multiplicidade de seres: son as mulleres que amou e tódolos que el foi con cada unha delas. Así, Alexandrian advertirá ó respecto: O home pode amar sete ou nove veces na vida, o cal implica que será sete ou nove veces outro distinto (Alexandrian 1980: 252). Así, o amor único realízase pola sucesión de seres amados, a través dos cales se acaba recoñecendo o “tipo”, o ideal da persoa amada.

O recoñecemento do amor actúa coma un foco de luz que actúa á súa vez sobre o coñecemento. A revelación do amor único, a súa inaugural presenza luminosa ha de ter a forza da beleza convulsa, erótico-velada, máxico-circunstancial, unha revelación que chega por vías extra-ordinarias, por camiños intuitivos do pracer, que como o poeta dixo, “Só el ten o poder de ensanchar o universo”. É por iso polo que o Paraíso non está definitivamente perdido para Breton. O poeta, na súa idea do Amor único pretende unha relectura liberadora da monogamia, exaltándoa no seu carácter exclusivo. Neste senso, o amor elévase a un nivel poético, sendo a única solución posible para o individuo fóra do social. Esa “parella prodixio”, que recrea o andróxino primordial e se asenta na herdanza do romanticismo e do amor cortés, vivirá a poesía a través da realización amorosa e ficará unida por un pacto sensible e indisoluble que desafia ó tempo, ós costumes e á monotonía, porque se nega a pactar coa necesidade.

Así, segundo o estudoso da filosofía surrealista, Ferdinand Alquié, a desrealización do surrealismo non é unha fuga no soño ou no subconsciente senón un enfrontamento coa sociedade e unha busca do real máis aló da lóxica e do supostamente obxectivo, por iso se busca o Marabilloso no cotián, e o amor pasa deste xeito a ocupar o lugar esencial: nel atópanse tódolos prestixios do universo, tódolos poderes da consciencia, toda a axitación do sentimento. Tal e como deixou escrito René Char en *Le marteau sans maître*, “no dominio irreconciliable da surrealidade”, o home privilexiado só pode ser a presa da súa devoradora razón de vivir: o amor”. Nesta razón devoradora da

existencia, que é o amor, Breton invertiría tódolos seus esforzos intelectuais e vitais. En 1955, ó longo do seu derradeiro manifesto, Breton voltará insistir nesta idea do amor comprendido como libre elección e máxima orientación vital, no cal se realizan tódolos soños do alén humanos. Neste senso chegou a dicir que no amor electivo reside a máis alta visión humana e tamén aquela que trascende tódalas demais.

En 1956, Benjamin Péret, un dos máis fieis amigos de Breton ata a morte, publica a *Anthologie de l'Amour sublime*, cun estudo introdutorio, “Le noyau de la comète”, no que fai un percorrido pola historia dos códigos amorosos desde o amor cortés ó Romanticismo, desde o amor-paixón de Sthendal ó amor tolo bretoniano. A lectura mistificadora de Péret dá un paso máis, e establece o concepto de “amor sublime”, construído sobre o mito alquímico e divinizador do ser humano e a mitificación do eterno feminino na procura da fusión total andróxina.

7. A muller-nena e o soño futuro

Mais a última gran obra de Breton na que retoma a reflexión sobre o amor é *Arcane 17*, escrita en 1944 e inspirada pola súa última muller, Elisa, coa que conviviría ata a morte. Así como *O amor tolo* e *Nadja* nos presentan unha muller como principio de subversión total, *Arcano 17* supón a aparición da muller-nena, coincidente tamén coa incorporación ó grupo surrealista de artistas moi novas, como Gisèle Prassinos ou Leonora Carrington. En todo caso, cómpre advertir que baixo a denominación de “muller-nena” non se está a facer referencia á idade da muller senón á conservación da capacidade de soño. Esta muller-nena é a portadora das promesas, médium e signo da liberdade e da inspiración proteica e sobre todo nela pervive a idea de salvación da humanidade. Breton, ante os desastres das dúas guerras mundiais que viviu e sufriu, a primeira na fronte e a segunda no exilio, ve na herdanza matriliñal antibelicista das mulleres a posibilidade dunha nova orde mundial e a emancipación feminina finalmente posible.

O Amor tolo estende pois as súas ás ata devir un arcano oculto que verque a auga iluminada. Pola luz do amor da muller-nena volve o amor tolo á humanidade, volve o senso optimista e radicalmente vital que sempre buscou o

Ouro do Tempo, como quedou escrito para sempre na tumba de André Breton no cemiterio de Batignolles. Pode dicirse, como tantas veces ten advertido o poeta Arturo Schwarz, que o surrealismo non foi un ismo máis da vangarda senón unha filosofía de vida, por esta razón, di el, que as opcións fundamentais do surrealismo conservan toda a súa carga subversiva porque expresan as aspiracións máis profundas do ser humano. Acaso, por iso mesmo, mentres a vida non sucumba e o amor non se aniquile o surrealismo estará vivo.

Antes a Vida¹

Antes a vida que istes prismas sen espesura aínda que as cores sexan máis puras
Antes ela que esta hora sempre aneboada que istes terribles vehículos de chamuscas frías
Que estas pedras podres
Antes iste corazón co seguro posto
Que iste lagoto de murmurios
E que esta tea branca que canta asemade no ar e na terra
Que esta beizón nupcial que une a miña fronte coa da vaidade total
Antes a vida

Antes a vida cos seus panos esconxuradores
Coas súas cicatrices de evasións
Antes a vida antes iste rosetón na miña tumba
A vida da presenza nada máis que da presenza
Na que unha voz di Estás aí e na que outra responde Estás aí
Mais eu non estou abondo aí!
E mesmo cando lle fagamos o xogo a aquilo que matamos
Antes a vida

Antes a vida antes a vida Nenez venerable
A banda de tea que parte dun faquir
Semella o ferrollo do mundo
Por moito que o sol non sexa nada máis que un refugallo
A nada que o corpo da muller se lle asemelle
Pensas ti contemplando a feito a traxectoria
Ou tan só ó pechares os ollos sobre a tormenta adorable que ten por nome a túa man
Antes a vida

¹ Tradución de Xoán Abeleira.

Antes a vida coas súas sas de espera
Cando un sabe que endexamais o deixarán entrar
Antes a vida que ises establecementos termais
Nos que os que atenden non son senón colares
Antes a vida adversa e longa
Cando os libros volvan pechase en andeis menos lenes aquí
E cando aló vaia máis que mellor vaia ceibe si
Antes a vida

Antes a vida como fondo de desdexo
Que esta cabeza fermosa abondo
Como o antídoto desta perfección que ela reclama e teme
A vida a maquillaxe de Deus
A vida coma un pasaporte a estrear
Como unha pequena vila tipo Pont-à-Mousson
E como todo esta dito xa
Antes a vida

Bibliografía

- Alexandrian, Sarane, *Breton par lui même*, Paris, Seuil, 1971.
- -----, *Los libertadores del amor*, Ruedo Ibérico, Barcelona, 1980.
- Alquié, Ferdinand, *Philosophie du surréalisme*, Flammarion, Paris, 1955.
- Audouin, Philippe, *Breton*, Gallimard, Paris, 1970.
- Bedouin, Jean-Louis, *André Breton*, Seghers, Paris, 1950.
- Béhar, Henri, *André Breton. Le gran indésirable*, Calman-Lévy, 1990.
- Breton, André, *Oeuvres complètes*, Gallimard, 3 vols. 1º vol., 1988. 2º vol., 1992, 3º vol., 1999.
- -----, *El amor loco*, Alianza ed., Madrid, 2000. Trad. e notas de Juan Malpartida.
- -----, *Nadja*, Ed.. Cátedra, Madrid, 1997. Edición de José Ignacio Velázquez.
- -----, *Manifiestos del surrealismo*, Guadarrama, Madrid, 1974. Trad.. de Andrés Bosch.
- -----, *Los pasos perdidos*, Alianza editorial, Madrid, 1995. Trad.. de Miguel Veyrat.
- -----, *Antología del humor negro*, Anagrama, Barcelona, 1991. Trad.. de Joaquín Jordá.
- -----, *Magia cotidiana*, Fundamentos, Madrid, 1989. Trad.. de Consuelo Berges.
- -----, *La llave de los campos*, Hiperión, Madrid, 1976. Trad.. de Ramón Cuesta e Ramón García Fernández.
- -----, *Poemas I e Poemas II*, Visor, Madrid, 1993. Trad.. de M. Álvarez Ortega.
- -----, *Arcano 17*, Borak, Madrid, 1972.
- -----, *Léxico sucinto del erotismo*, Anagrama, Barcelona, 1974.
- Breton, André e Louis Aragón, *Surrealismo frente a realismo socialista*, Tusquets, 1973.
- Breton, André e Philippe Soupault, *Los campos magnéticos*, Tusquets, Barcelona, 1976.
- Chenieux Gendron, Jacqueline, *El surrealismo*, México, Fondo de Cultura Económica, 1989.
- Duruzoi, Gérard e Bernard Lecherbonnier, *André Breton. L'écriture surréaliste*, Paris, Larousse, 1974.
- Bonnet, Marguerite, *André Breton. Naisance de l'aventure surréaliste*, José Corti, Paris, 1975.
- Gracq, Julien, *André Breton*, Jose Corti, Paris, 1989 (1ª ed. 1948)
- Naudeau, Maurice, *Histoire du surréalisme*, Paris, Seuil, 1991 (1ª ed. 1964)
- Polizzotti, Mark, *André Breton*, Gallimard, Paris, 1999.
- VVAA. *André Breton y el surrealismo*, Museo Nacional de Arte Reina Sofía, Ministerio de cultura, 1991.
- VVAA. *El surrealismo entre el viejo y el nuevo mundo*, Cabildo Insular de Gran Canaria, Centro Atlántico de Arte Moderno, 1989.
- VVAA *Surrealismo. Max Ernst y sus amigos surrealistas*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2004.